

Ferrol garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir. Porén, non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un ciclo programado pola **Concellaría de Benestar Social e Patrimonio Histórico do Concello de Ferrol** que abre as portas de tesouros, habitualmente fechados, e diseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para que os seus usuarios garden na memoria unha experiencia cultural única.

**Reserva
a túa praza!**

As visitas guiadas que realizamos na Semana do Patrimonio Invisible baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos.

Por este motivo, as prazas para cada quenda de visitas son limitadas e o proceso de reserva precisa da confirmación mediante correo electrónico por parte da organización a cada visitante.

.....

Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que cada solicitante poderá reservar un **máximo de 3 visitas para 2 persoas.**

Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial e **completar o formulario de reservas:**

www.patrimonioinvisible.gal

Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal



FERROL



**SEMANA DO
PATRIMONIO
INVISIBLE**

Espazos agochados de Ferrol
Do 15 ao 18 de decembro 2021

I edición



Igrexa e Cemiterio San Salvador de Serantes

A igrexa, o cemiterio e a capela medieval de San Salvador de Serantes forman un dos conxuntos máis destacados da arquitectura relixiosa da comarca de Ferrolterra, ademais de ser o lugar no que descansan algunhas das personalidades máis importantes da cidade.

Pazo do Monte

Visitaremos este magnífico exemplo de arquitectura palaciana construído no século XVIII, onde destacan, a maiores do seu edificio principal, o seu hórreo de madeira de grandes dimensións e o seu marabilloso xardín histórico.

Arquivo Intermedio Militar do Noroeste

O Baluarte do Infante foi un dos puntos defensivos da muralla da cidade de Ferrol, logo pasou a ser o cuartel de artillería e a día de hoxe acolle os fondos do Arquivo Intermedio Militar do Noroeste.

Teatro Jofre

Adentrarémonos nas entrañas dun dos edificios máis simbólicos da cidade. Un teatro inaugurado en 1892 que, desde ese intre, converteuse nun centro de vital importancia para a arquitectura, o urbanismo, a vida e a cultura de Ferrol.

Fábricas de Ferrol Vello


A fábrica de lápises Hispania, Xabóns Beceiro ou Pysbe foron referentes do pasado industrial da cidade. Agora volverán estar presentes a través dun percorrido por recordos e pegadas que permanecen no barrio de Ferrol Vello.

Casa do Concello

A Casa do Concello abre as súas portas para permitirnos descubrir e coñecer o seu interior, os salóns nobres, a súa colección de arte e os espazos nos que se decide a vida política da cidade.

15 Mércores

- 11 h Igrexa e Cemiterio San Salvador de Serantes
- 12 h Arquivo Intermedio Militar do Noroeste
- 13 h Teatro Jofre
- 17 h Casino Ferrolano
- 18 h Casa do Concello




17 Venres

- 11 h Igrexa e Cemiterio San Salvador de Serantes
- 12 h Fábricas de Ferrol Vello
- 13 h Pazo do Monte
- 17 h Pazo do Monte
- 18 h Casa do Concello
- 19 h Casino Ferrolano


16 Xoves

- 11 h Casino Ferrolano
- 12 h Arquivo Intermedio Militar do Noroeste
- 13 h Pazo do Monte
- 17 h Igrexa e Cemiterio San Salvador de Serantes
- 18 h Casa do Concello
- 19 h Teatro Jofre



18 Sábado

- 11 h Estación Naval da Graña
- 12 h Casino Ferrolano
- 13 h Estación Naval da Graña
- 17 h Estación Naval da Graña
- 18 h Fábricas de Ferrol Vello



Estación Naval da Graña

A través do túnel da Graña accederemos á Estación Naval, que se comezou a construír no século XVIII sendo o xerme do Arsenal Militar. A día de hoxe, no espazo ten a súa sede a ESENGRA (Escola de Especialidades da Estación Naval da Graña), un dos principais centros formativos da Armada.

Casino Ferrolano

Fundado no ano 1890 segue a ser unha das entidades con máis tradición da cidade. A súa sede social, construída por Rodolfo Ucha é unha das obras mestras do noso insigne arquitecto.